

The background of the slide features a 3D perspective grid of white spheres connected by thin white lines, creating a mesh-like structure that recedes into the distance. The spheres have a slight shadow, giving them a three-dimensional appearance.

● OS SERVIZOS SOCIOCOMUNITARIOS E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS E PROGRAMAS

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

Docente: Sonia Pintos Pazos

[INDICE

1
ESTRATEGIA DE
INTERVENCIÓN
COMUNITARIA.
METODOLOGÍAS
EMPREGADAS

OS SERVIZOS
SOCIOCOMUNIT
ARIOS E OS
AXENTES QUE
INTERVEÑEN

COMUNIDADE E
DESENVOLVEMENTO
COMUNITARIO

OBXECTIVO DO MÓDULO

- Coñecemento do procedemento necesario do que se entende por comunidade.
- Definir os servizos que se engloban dentro de concepto de servizos sociocomunitarios.
- Definir a figura do/a Técnico/a de Servizos Sociocomunitarios e as súas funcións e ámbitos de actuación.
- Coñecer cales son as habilidades para a intervención no traballo comunitario.
- Coñecer algunhas das técnicas necesarias para realizar as prácticas do traballo sociocomunitario.

DINÁMICA DE PRESENTACIÓN

- TELA DE ARAÑA:
 - Nome
 - Formación, lugar de traballo e posto.
 - Outros datos: gustos, aficións...

[INTRODUCCION]

- A **EDUCACIÓN COMUNITARIA** é un proceso de intervención promotor de participación e organización comunitaria que se identifica co desenvolvemento comunitario nun marco de intereses e necesidades que presenta unha comunidade.
- Os servizos sociocomunitarios atopan o seu fundamento e pleno sentido no desenvolvemento comunitario.
- O traballo no ámbito sociocomunitario máis que un ámbito de intervención ou actuación é un xeito de intervir que propón unha unión indisoluble entre o teórico e o práctico:
 - o seu obxectivo é **a promoción da calidade de vida** e a **reducción dos problemas** sociais desde unha perspectiva positiva da intervención.
 - o traballo sociocomunitario **é unha forma de intervir profesionalmente que persecue producir cambios nas persoas, satisfacendo as súas necesidades.**

[Desenvolvemento comunitario]

- *Nos discursos teóricos e nas actuacións prácticas atopamos diversas acepcións, moi relativizadas e ás veces dificilmente diferenciáveis:*



investigación participativa
desenvolvemento local
organización da comunidade
acción social comunitaria
desenvolvemento da comunidade
promoción comunitaria
traballo social comunitario
animación socio – comunitaria
...


DEFINICIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO



- *Un proceso racional e sistemático ou proceso de desenvolvemento coordinado e sistemático que, en resposta a unhas necesidades ou demanda social, pon en marcha a unha comunidade, suscitando a súa autoconfianza e vontade para participar activamente no desenvolvemento e destino da mesma de forma agrupada e organizada, en cooperación, autoanalizándose, descubriendo as súas necesidades, fixándose obxectivos a alcanzar, así como medios e modos de facelo, a fin de lograr o desenvolvemento integral da mesma (que inclúe desenvolvemento económico, social, cultural, etc.) e sendo capaz, en consecuencia, de autoasistirse sabendo satisfacer as súas propias necesidades, así como enfrontarse e resolver os seus propios problemas.*

(Erdozaia, 1992, p. 119)

[Definición de comunidade



- A comunidade pode definirse como un *ecosistema social*. É dicir, como un grupo humano que vive nun área xeográfica específica e cuxos compoñentes manteñen entre si unha pluralidade de relacións para o acometimento das funcións de produción, de goberno, de educación, de asistencia e de recreo: relacións que adquieren un grao superior ao que poida producirse con membros exteriores á mesma e que lles permiten autoidentificarse en canto grupo co lugar onde habitan...


[A comunidade, ademais,]

- Non é algo estático ou atado ao simple «localismo», senón dinámico e vivo, cuxa evolución dar dentro dun contexto histórico.
- Está en continua interacción cos impactos, ás veces contraditorios, aos que a sociedade, a aldea global, somételle de xeito case permanente:
 - novos modelos produtivos, reestruturación dos referentes da identidade colectiva, incremento da percepción individualizada da existencia, resolución de problemas sociais no ámbito da privacidade, mobilidade da poboación, procesos de interdependencia, integración e globalización, novas tecnoloxías da información e comunicación, etc.

[Desenvolvemento comunitario:]

■ **Historicamente**

Vinculado a situacións e colectivos problemáticos e de exclusión social e en condicións de marxinalidade e subdesenvolvemento socio - económico e cultural.



■ **Hoxe** vaise consolidando como unha aspiración que debe encaixarse en calquera tipo de proxecto social, político, económico, educativo, cultural, local, comarcal, rexional, nacional, internacional etc., propio de sociedades tecnolóxicamente avanzadas, que, sobre a base dun espazo democrático, aspiren ao benestar, a redución dos desequilibrios sociais, e en xeral, ao desenvolvemento das comunidades e dos individuos en todos os aspectos sociais, culturais e vitais:

- necesidades básicas (alimentación, saúde, vivenda...),
- niveis de vida (traballo/ingresos, educación - cultura...)
- condicións de emancipación e liberdade (político – económico - social).

Concepcións distintas de desenvolvemento comunitario:

- **Concepción desarrollista:** enfatiza o valor de inversión de capital para que unha poboación concreta aumente a cantidade de bens e servizos nun período de tempo determinado. O desenvolvemento é sinónimo de crecemento económico lineal e progresivo. Do mesmo xeito, todo proxecto de desenvolvemento require un apoio económico e necesita ir unindo unhas condicións estruturais, institucionais e actitudinais de ámbito territorial e humano.
- **Concepción estrutural:** o desenvolvemento defínese en termos estruturais e non por contidos culturais ou obxectivos económicos.
- **Concepción socio – cultural:** o desenvolvemento soamente é posible achegando a cultura ao pobo; ou o que é o mesmo, educando masivamente á poboación. Esta concepción reacciona contra o desarrollismo enfatizando os aspectos culturais.

Por tanto, o desenvolvemento comunitario consiste en:

- Sumar accións onde se asocian os esforzos dos poderes públicos e os esforzos da comunidade.
- Pretendendo unha promoción global da comunidade e que se integran nun plan de desenvolvemento equilibrado económico, técnico, social e cultural que pide a colaboración de administración e persoal técnico de diversas disciplinas nunha coordinación de medios

[Definido polas seguintes notas básicas:]

- É unha técnica ou práctica social, porque se apoia no coñecemento científico de determinadas ciencias sociais.
- O seu obxectivo fundamental diríxese á promoción da persoas mobilizando recursos humanos e institucionais.
- Non é unha acción sobre a comunidade senón unha acción da comunidade onde a poboación toma decisións.
- É unha metodoloxía de traballo desde a base.
- Configúrase mediante a integración de varios elementos: análise da realidade, programación de actividades, acción social e avaliación.
- A participación popular é o elemento fundamental dos programas favorecendo o consenso, as liberdades públicas, a proximidade social, a formación e a información.

ELEMENTOS CONFIGURADORES DUNHA COMUNIDADE

■ TERRITORIO:




Entidade física e social, espazo xeográfico delimitado, diferenciado e dinámico onde toman corpo, se vivencian e se confrontan as realidades (históricas, económicas, culturais, políticas, educativas, sociais, relacionais...) que determinan o modo de vida dunha poboación e que posúe unha estrutura administrativa que o define e tipifica como: aldea, pobo, municipio, mancomunidade, comarca, cidade ou barrio.

O territorio é o lugar onde interactúan e participan as institucións comunitarias e a poboación, a administración e os cidadáns, e o lugar onde se fai posible a integración das políticas sectoriais.

ELEMENTOS CONFIGURADORES DUNHA COMUNIDADE

■ POBOACIÓN:



Colectivo humano formado por individuos e grupos (primarios e secundarios) de magnitude variable, compartindo uns intereses comúns, con sentimentos de proximidade, pertenza, unidade e identidade colectiva e con relacións e interaccións sociais intracomunitarias (individuo - individuo, individuo - grupo, grupo - grupo), aínda que tamén intercomunitarias (comarcais, rexionais, nacionais, internacionais), de diverso grao e cunha certa estabilidade temporal.

Aínda que estea dotada dunha anotación espacial (territorio), non significa con todo que a nivel social, unha comunidade sexa menos complexa, máis homoxénea ou máis consensual.

ELEMENTOS CONFIGURADORES DUNHA COMUNIDADE

- NECESIDADES, PROBLEMAS, INTERESES E ASPIRACIÓNS:


Comúns e compartidas, nas súas dimensións actual e futura, explícita ou implícita, subxectiva e obxectiva, existente e potencial, pero en calquera caso, necesariamente clarificadas, presentadas e priorizadas en forma de demandas sociais, que constituirán o motor básico para xerar a acción comunitaria.



ELEMENTOS CONFIGURADORES DUNHA COMUNIDADE

■ RECURSOS:

Dispoñibles, existentes ou potenciais: a propia comunidade e os seus membros son os primeiros recursos; despois estarían as estruturas e organizacións sociais (institucións, asociacións, etc.), así como os diversos equipamentos, servizos e recursos (materiais e económicos) de carácter comunitario, públicos ou privados.



Estes elementos resúmense según Juan Herrera (2007), nas seguintes dimensións:

DIMENSIÓN	DESCRIPCIONASPECTOS PSICOSOCIAIS	DIMENSIÓN
TERRITORIAL	Lugar onde a xente vive xunta. Vecindario	Arraigo territorial
PSICOSOCIAL	Vínculos psicolóxicos e relacións sociais (horizontais e verticais) entre persoas e grupos	Pertenza, vecindade, vinculación, interdependencia, mutualidade.
SOCIOCULTURAL	Cultura (socialización); historia e experiencia compartida	Valores significados, visións de futuro, proxecto de comunidade.
POLÍTICA	Poder compartido para acadar obxectivos comúns.	Empoderamento

E, estas dimensións, relaciónanse coas funcións sociais da comunidade (Warren, 196; Sanders,1996):

FUNCIÓNS	DESCRICIÓN
Producción, distribución e consumo	De bens e servizos a través das tendas, mercado de barrio,etc.
Socialización	Transmite coñecemento, valores e normas sociais mediante grupos e estruturas locais: grupo de iguais,a escola ou o traballo.
Control social	Asigna recompensas e sancións para que as persoas se comporten conforme a valores e pautas establecidas a través da familia, o grupo de iguais, a escola ou o traballo.
Participación	Na actividade social mediante actividades e reunións formais e informais de asociacións e grupo en centros comunitarios.
Apoio social	Formal (servizos sociocomunitarios) e informal (familia, amigos, veciños...) en situacións e épocas de stres.
Recrutamento novos membros	Por nacemento ou inmigración

E, estas dimensións, relaciónanse coas funcións sociais da comunidade (Warren, 196; Sanders,1996):

FUNCIÓNS	DESCRICIÓN
Diferenciación e asignación de estatus	División do traballo, de papeis especializados ao servizo da comunidade asignando o estatus social que corresponda
Asignación de prestixio	Xerarquización de persoas segundo o grao en que encarnan os valores centrais da comunidade e diferenciando en clases sociais.
Asignación de poder	Proveendo posicións de liderado social
Mobilidade social	Ascendente e descendente en posicións sociais
Integración e axuste social	Mantendo a solidaridade ao compartir aspectos – lugar, historia, cultura- que aportan unha orientación social común e o desexo de participar na vida colectiva.

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

1

- Intentar un **desenvolvemento da comunidade coordinado e globalizado**, que debe buscar a súa inserción nun proxecto máis amplo e interdisciplinar de cambio planificado, temporalmente amplo, dentro do cal as accións que se promovan en cada zona e en cada comunidade se acompañen de medidas e compromisos sociais, económicos, políticos e lexislativos que permitan un enfoque global, holístico e comprensivo do problema.

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVIMENTO COMUNITARIO


2

- Topar un marco pluridimensional no que poidan **compatibilizarse, articularse e coordinarse subsidiariamente a iniciativa pública** (Administración local, provincial, autonómica, estatal, intergubernamental, supranacional...), **privada** (persoas particulares ou entidades de dereito privado talles como empresas, fundacións, corporacións, cooperativas, etc.) **e social** (movementos sociais, asociacións, ONG, colectivos e outras formas organizadas da comunidade, ou que actúan nela, sen fins mercantís e a miúdo en réxime de voluntariado).

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

3

- Independentemente de que a iniciativa ou patrocínio sexa pública, privada ou social, ten que respetar ás aspiracións básicas e irrenunciáveis:



Non debe ser un produto - consumo de actividades, senón un proxecto - resposta, un proxecto contextualizado que parta...

das características e da realidade espazo-temporal (historicamente condicionada) de cada comunidade.


dos variados e complexos intereses e aspiracións, problemas e necesidades reais sentidas, percibidas e manifestadas por cada comunidade en forma de demanda social (un desenvolvemento desde a comunidade).



Ha de ser sempre algo vivo, dinámico, flexible, en continuo cambio, que busque...


solucións innovadoras, creativas, orixinais e novas aos problemas e aspiracións que a comunidade ten, e por outra, a transformación global, duradeira e permanente, non oportunista, illada ou puntual, das condicións sociais, económicas, sanitarias, culturais, materiais... dunha comunidade.

a partir da estruturación destes programas globais de desenvolvemento comunitario pode vehicularse ata a diversificación sectorial en programas específicos para sectores en situacións desfavorecidas ou de marxinación (terceira idade, drogodependentes, persoas con discapacidade, minorías culturais, violencia doméstica...), pero sempre tendo como referencia a actuación global, a dinamización xeral da comunidade.



Aproveitar e optimizar todos os recursos existentes na comunidade (finanzas, equipamentos, infraestruturas, servizos, institucionais, materiais, culturais, naturais e humanos, públicos e privados), integrándoos e combinándoos, aínda que sexa subsidiariamente, con outros de carácter extracomunitario, xa sexan públicos (locais, nacionais ou internacionais), privados (empresas, fundacións, entidades financeiras...) ou sociais (outras comunidades), e tamén ata crear novos recursos.

Todo iso nun proceso de desenvolvemento comunitario que podería cualificarse de sostible e sostido, por canto combina o uso, aproveitamento e optimización ética e racional dos recursos dispoñibles coa posibilidade de dotarse de novos recursos e potencialidades (desenvolvemento na comunidade).



A participación e auto - organización da comunidade (individuos e grupos) constitúen os alicerces básicos do desenvolvemento comunitario.

Ambos os aspectos deben contemplarse como un proceso dialóxico, como un elemento de concienciación social e análise crítica das accións de acordo ás necesidades e intereses colectivos, como unha canle de avaliación da súa actuación; a comunidade como protagonista e principal axente activador do proceso de cambio social (toma de decisións sobre o seu propio proceso de desenvolvemento).

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

4

- Toda iniciativa de desenvolvemento comunitario debe ser **capaz de incorporar o coñecemento e a investigación social, o que conducirá tamén a unha maior profesionalización e científicidade** nos procesos de desenvolvemento comunitario.

É dicir, que calquera **acción comunitaria debe ser un proceso de cambio intencional e planificado**, e non unha actividade improvisada.

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

5

- A presenza de profesionais externos, ao técnico/a sociocomunitario na procura de colaboracións para desempeñar as funcións de promoción e dinamización do desenvolvemento comunitario baixo dúas coordenadas básicas:
 - a) a planificación, xestión, organización e execución do proceso de acción e intervención comunitaria
 - b) unha educación comunitaria para a participación e auto - organización.

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

6

- A **creación e estruturación dun grupo de acción local**, no que aínda que inicial e preferentemente poida prevalecer a titularidade pública local (deputacións, concellos, mancomunidades, consorcios, axencias de desenvolvemento), privada (empresas, fundacións, cooperativas...) ou social, (asociacións e organizacións sociais), **debe con todo buscar a articulación, coordinación e participación operativa das tres iniciativas ou compoñentes do tecido social**, única garantía que permitirá conferir á acción de desenvolvemento unha dimensión global e garantir unha resposta comunitaria debidamente integrada e dimensionada (cultural, social, laboral, económica...).

PRINCIPIOS RECTORES DO DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

7

- A necesidade dunha educación comunitaria que **capacite gradualmente aos membros dunha comunidade para que asuman libremente un nivel de participación, compromiso e responsabilidade** na organización social deseñada para alcanzar o interese común.

A **educación comunitaria** é basicamente promocional e normalizada da participación. Esta educación comunitaria debe ser entendida **en dúas dimensións**, certamente complementarias e integradas: como **animación e como formación**.

OS SERVICIOS SOCIOCOMUNITARIOS, QUE SON?

Son servicios cuyo **objetivo fundamental** es **potenciar la formación, la educación, la información, la participación, la promoción social y la ocupación positiva del ocio y tiempo libre de la población en general.**

- Habitualmente, estos Servicios **tienen una localización fija (centros cívicos, sociales, culturales, etc..., con una programación continuada en el tiempo.**
- Los/as usuarios/as pueden ser **la población en general** o su acción puede **dirigirse específicamente a determinados grupos sociales.**
- Forman **parte del desarrollo comunitario, constituyendo así una forma de actuación social.**
- **Introdúcese un elemento externo con la intención de modificar o funcionamiento de una comunidad en una dirección dada** y desde una postura de autoridad (característica de los procesos de "intervención"), nos que se conjugan con la consideración de la comunidad como protagonista principal del proceso que se va a desarrollar.

DEFINICIÓN DE "SERVIZOS SOCIAIS"

- "Son o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan os obxectivos do sistema galego de servizos sociais".

Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

FINALIDADE DOS SERVICOS Á COMUNIDADE

- Asistencial
- Rehabilitadora
- Peventiva
- Promocional

TIPO DE ACTIVIDADE QUE DESENVOLVEN

- Administrativa
- De xestión
- Terapéutica
- Educativa
- De animación
- Promocional
- Cultural

POBOACIÓN DESTINATARIA

- 3º Idade
- Mocidade
- Discapacidade
- Inmigrantes
- Muller
- Familia e menores
- Minorías étnicas
- Transeúntes
- Reclusos e exreclusos
- Drogodependentes
- ...

TITULARIDADE DOS AXENTES QUE PRESTAN ESTE SERVIZO

- Públicos
- Privados (de iniciativa social ou mercantil)

AMPLITUDE DOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN


- Territorial
- Institucional

NIVEIS DE ACTUACIÓN

- Individual
- Grupal
- Familiar
- Comunitario

O PORQUE DOS SERVICIOS SOCIOCOMUNITARIOS

- En España, **nos anos 70**, iniciase o proceso cara a política de benestar social na súa recta final coa **Constitución do 78**, nun momento no que a experiencia europea puxera en evidencia a crise de certo Estado de Benestar, que conduce non a crise desa política, senón á **superación definitiva do histórico paternalismo do Estado nas políticas sociais**.



desembócase nunha **política coordinada de protección – integración social**, como un dos eixes para combater a desigualdade social, xunto coas políticas de emprego e as de pensións que deron lugar á creación do **Ministerio de Asuntos Sociais no ano 1988**

BASE LEGAL DOS SERVIZOS SOCIOCOMUNITARIOS

A CONSTITUCIÓN

- **art.. 9.2.:** Igualdade, grupos, participación, liberdade plenitude (non á exclusión social)
- **art.. 13.:** inmigrantes e refuxiados
- **art..14.:** non á discriminación por sexo, idade, crenzas, etc..
- **art.. 39.:** familia e infancia
- **art. 48.:** mocidade
- **art.. 49.:** persoas con minusvalía, discapacidades
- **art.. 50.:** 3º idade
- **art.. 148.:** recolle as competencias das CCAA na materia de asistencia social.
- **art. 149.:** a Administración Central resérvase as competencias exclusivas en lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

O soporte normativo que ampara a promoción e o desenvolvemento da rede pública dos servizos sociais pode resumirse nos seguintes puntos:

- Art.: 41 da Constitución Española: “ Los poderes públicos mantendrán un régimen público de Seguridad Social para todos los ciudadanos que garantice la asistencia y prestaciones sociales suficientes ante situaciones de necesidad,...”
- As Leis de Servizos Sociais das CCAA nas que aparecen recollidas expresamente unhas prestacións básicas de SS.SS á poboación.
- A Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no seu artigo 26 dispón que os Municipios con máis de 20.000 habitantes veranse obrigados a prestar diversos servizos aos seus veciños/as, entre os que se atopa a prestación dos SS.SS

No caso de Galicia a normativa vixente é a seguinte:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia. (DOG nº 245, do 18 de decembro).
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. (DOG núm. 147, do 31 de xullo).
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 166, do 29 de xuño).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 41, do 29 de febreiro).
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 203, do 21 de outubro).

Normativa específica segundo tipoloxía de centros.

Maiores

- Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores (DOG nº 88, do 6 de maio).
- Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. (DOG nº 145 do 30 de xullo).
- Orde do 13 de abril de 2007 pola que se modifica a do 18 de abril de 1996 que regula os requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. (DOG nº 80, do 25 de abril) Decreto 19/2008 do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. (DOG nº 36 do 20 de febreiro).
- Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzheimer e outras demencias. (DOG nº 138 do 17 de xullo).
- Disposicion transitoria 3ª apdo d) da Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 246 do 21 de decembro).



Infancia e menores

- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16 de agosto).
- Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Decreto 70/2002 do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- Orde do 3 de xullo de 2000 polo que se aproba o contido mínimo do regulamento de réxime interior de centros de atención á primeira infancia pertencentes á Consellería de familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. (DOG núm. 141, 20/07/2000)
- Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos (DOG nº 187, do 26 de setembro).
- Orde do 1 de agosto de 1996, pola que se regulan os contidos mínimos do Regulamento de Réxime Interno e o Proxecto Educativo dos centros de atención a menores. (DOG nº 168, do 28 de agosto de 1996).



Igualdade

- Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. (DOG nº 96, do 21 de maio de 1997).



Familia

- Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro polo que se regulan os Puntos de Encontro Familiar en Galicia (DOG núm. 71, do 26 de xaneiro).
- Decreto 406/2003, de 29 de outubro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia. (DOG núm. 222, do 14 de novembro).



Discapacidade

- Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto básico de centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 177, do 12 de setembro de 2000).



Inclusión social

- Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social. (DOG nº 33, do 15 de febreiro de 2008).



Servizos comunitarios

- Decreto 240/1995, do 28 de xullo, de atención primaria (DOG nº 157, do 17 de agosto de 1995).
- Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial (DOG nº 129, do 4 de xullo).
- Orde do 5 de decembro de 2000, pola que se regulan as axudas económicas para a atención de persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial e a inclusión no programa das entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 2, do 3 de xaneiro de 2001).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG Nº 22 do 2 de febreiro de 2009).

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia


- Define e regula o Sistema Galego de Servizos Sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema
- A propia Lei, **no seu artigo 3, concreta eses obxectivos**, que perfilan o ámbito propio dos Servizos Sociais:
 - facilitar recursos e itinerarios de inclusión social
 - garantir a autonomía persoal das persoas dependentes
 - brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores
 - facilitar a conciliación da vida laboral e familiar
 - previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección dos máis vulnerables.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

- **A transformación dos servizos sociais e das políticas públicas** de inclusión, igualdade e benestar dan lugar a unha revisión da estrutura, de contidos e do xeito de relacionarse as persoas.
- **Xurden novos problemas sociais:** cambios na estrutura e calidade do emprego, incremento das desigualdades, migracións, fenda dixital, desvantaxe dos/as traballadores/as con menor cualificación, modificación de estruturas familiares e do rol sociofamiliar das mulleres, avellentamento da poboación, abandono do rural, etc...
- A lei define e regula **o Sistema Galego de Servizos Sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema**

[A Lei 13/2008]


- Estrutura o sistema en forma de rede en dous niveis de actuación:



Comunitaria

especializada

correspondéndolle con carácter xeral aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios.



OS BÁSICOS son unha esixencia universal para a administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao Sistema Galego de Servizos Sociais. Nese nivel básico cómpre salientar o importante grao de implantación logrado en Galicia por dous programas fortemente consolidados: a axuda no fogar e a educación familiar. O primeiro deles, ademais, recentemente

Carácter local, aberto e polivalente.

Canle normal de acceso ao servizos.

OS ESPECÍFICOS desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social.

Estes foron facéndose realidade na aparición de centros de natureza local e comunitaria, pero centrados nesas necesidades específicas. Centros de día, albergues, ludotecas, etc.,... foron completando e enriquecendo a rede de servizos sociais comunitarios



Contamos así cun esforzo de loita contra os procesos de desigualdade social e de mellora da calidade de vida, benestar social e participación cidadá.

Trátase de conseguir, pois:

- O avance na igualdade de oportunidades e de trato.
- O desenvolvemento da protección social e compensatoria cara os grupos de maior risco ou desfavorecidos.
- O incremento da participación social.



O PLAN CONCERTADO

- O **Plan Concertado** é un convenio de colaboración entre as Administracións Centrais e as Comunidade Autónomas para cooperar no establecemento dunha rede pública de Servizos Sociais asume as competencias de xestión na materia.
- Entre os obxectivos do Plan Concertado está o de cooperar coas Corporacións Locais e Comunidades Autónomas para que poidan afrontar axeitadamente as súas competencias de xestión en material de servizos sociais, con compromisos de xestión, de información e de asistencia técnicas.
- Ten unha importancia capital no noso país, pois a Administración competente en asistencia social é, segundo a Constitución, as CCAA e a rede pública de Servizos sociais asume as competencias de xestión na materia.
- Ten un carácter máis asistencial e a cooperación social e o voluntariado non son considerados a efectos do Plan como prestacións básicas.

OS SERVIZOS SOCIAIS SECTORIAIS


Para o logro dos obxectivos dos Servizos Sociais dispóñense os seguintes instrumentos máis importantes:

- **Os plans integrais** dirixidos á mellora da calidade de vida e benestar social de persoas, maiores, mulleres, mozos/as, nenos/as e persoas con minusvalía.
- **A consolidación de coordinación coas Administracións e coas organizacións non gubernamentais.**
- **O desenvolvemento de programas e accións de discriminación positiva** sobre a base de niveis de garantía para toda a poboación.

[Catálogo de servicios sociais:]

- Intervencións ou servizos de carácter técnico – profesional.
- Servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica.
- Prestacións económicas
- Programas de intervención comunitaria

Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.



Os programas de intervención comunitaria

elaboraranse a partir do diagnóstico social dunha comunidade definida, favorecendo a cooperación cos outros servizos de benestar social existentes no seu ámbito de actuación, e coa implicación da cidadanía, co fin de incidir na superación das situacións detectadas, mediante a elaboración e o desenvolvemento de actuacións con perspectiva preventiva e de inclusión social.

A FIGURA DO/A TÉCNICO/A DE SERVICOS Á COMUNIDADE



A FIGURA DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

- Os **cambios na sociedade actual**, tanto en zonas rurais como en zonas urbanas, deron paso á existencia dunha serie de circunstancias na comunidade que, si ben non son novas, si se **foron transformando de xeito que, actualmente os conceptos de desenvolvemento comunitario, intervención, animación...** fóronse entrelazando.
- En resposta a esta situación, os profesionais que se adican a estas actividades ven como **as súas funcións e cometidos se amplían** e dan paso a unha das características máis demandadas actualmente polo mercado de traballo: **a polivalencia.**
- De maneira que nos atopamos ante unha **figura profesional novidosa, que pode ser exercida por diferentes profesionais** provintes do campos tan distintos como o Dereito, o Traballo Social, a Educación Social, a Pedagogía, a Psicoloxía, a Economía,...

A FIGURA DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

- Ser traballador/a sociocomunitario/a significa **promover a constitución dun grupo motor** ou dunha organización e, mentres o necesite, ser **dinamizador/a do grupo** e dos seus encontros, **asistilo** na construción do diagnóstico comunitario e na elaboración do proxecto colectivo, acompañalo na acción e noutras tarefas.

PERO...

- É posible que este técnico/a non conte con todas as cualidades e coñecementos útiles, e por isto debe **utilizar as súas potencialidades de maneira singular sacando partido das súas experiencias e coñecementos para favorecer o proceso comunitario.**

A FIGURA DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

2


Cometidos:

- Posta en marcha e desenvolvemento dun servizo de atención sociocomunitaria.
- Creación de empresas prestadoras de ditos servizos.

E, por tanto, a súa figura engloba tamén a de dinamizador/a.

DINÁMICAS PERFIL PROFESIONAL

- **TÉCNICA DIVISORIA: o número do meu zapato**
- **TÉCNICA PARA COÑECEMENTO: A CANDIDATURA**



ROLES E FUNCIÓNS DA FIGURA DO/A TÉCNICO/A SOCIOCOMUNITARIO/A:

ROLES	EXEMPLOS DO EXERCICIO POR PARTE DO/A TÉCNICO/A
Asesor/a informador/a	Pode dar múltiples informacións e datos de base. Asesora sobre técnicas, sobre situacións locais, sobre experiencias similares, etc.. Aconsella e axuda sobre eventos que afectan ao traballo en grupo. Realiza interpretacións e análises de diversos documentos para facelos comprender ben.
Facilitador/a Acompañante, asistente na actividade	Aporta, suxire, critica e valora desde dentro do grupo. A participación necesita impulso e dirección. Elo implica: suxerir formatos de reunión.
Mediador/a	Mediador entre o grupo e as Administracións Referente nos momentos de conflito

ROLES E FUNCIÓNS DA FIGURA DO/A TÉCNICO/A SOCIOCOMUNITARIO/A:

ROLES	EXEMPLOS DO EXERCICIO POR PARTE DO/A TÉCNICO/A
Incitador/a do proceso, promotor/a, estimulador/a, axitador/a	Toma a iniciativa fronte a unha situación dada Estimula o interese e a moral das persoas. Axuda a ver sentimentos comúns e problemas comúns
Guía	Axuda a escoller a dirección, a establecer ou atopar os medios
Axente catalizador/a	É un/unha axente acelerador/a de procesos

ROLES E FUNCIÓNS DA FIGURA DO/A TÉCNICO/A SOCIOCOMUNITARIO/A:

ROLES	EXEMPLOS DO EXERCICIO POR PARTE DO/A TÉCNICO/A
Animador/a	Alimenta boas relacións interpersoais Procura sesións de traballo agradables Anima aos membros e subliña os obxectivos comúns Valora o que se está facendo.
Experto/a	Asesora no proceso de investigación da situación, facilita información para o diagnóstico, axuda na planificación e avaliación.
Estratega	Orienta sobre cal é o movemento máis correcto en cada momento tomando en consideración as propias forzas, sopesando razóns de oportunidade.

ROLES E FUNCIÓNS DA FIGURA DO/A TÉCNICO/A SOCIOCOMUNITARIO/A:

ROLES	EXEMPLOS DO EXERCICIO POR PARTE DO/A TÉCNICO/A
Defensor/a	Defende ao grupo antes as agresións externas Avoga a favor das súas demandas á administración
Militante	Cree no que fai, nos obxectivos do que fai, identifícase coa acción popular e implícase persoalmente
Formador/a capacitador/a	Pretende unha transferencia de tecnoloxía, que o grupo se apropie dun saber que lle permita ser máis autónomo O mantemento do grupo depende da execución eficaz dun gran número de tarefas: técnicas e relacionais

ROLES E FUNCIÓNS DA FIGURA DO/A TÉCNICO/A SOCIOCOMUNITARIO/A:

ROLES	EXEMPLOS DO EXERCICIO POR PARTE DO/A TÉCNICO/A
Organizador/a	Ten como reto fundamental constituír e/ou soste r grupo arredor de accións comunitarias
Observador/a	En certos, momentos, para non minar a identidade colectiva do grupo pode ser útil que o/a organizador/a tome distancia.

A súa actuación baséase en...

- A capacidade dunha comunidade para mobilizar todos os recursos existentes.
- Implicar a todos os axentes tanto públicos como privados e á cidadanía na consecución dun obxectivo común: dotar á comunidade dunha maior calidade de vida mediante:
 - O acceso á cultura
 - A prestación de servizos a colectivos desfavorecidos.
 - A xeración de emprego que permita fixar a poboación ao territorio.

[De aí que o/a técnico/a de servizos á comunidade englobe dentro das funcións propias del/a:]

- Axente de desenvolvemento Animador/a sociocomunitario/a
- Técnico/a de servizos á comunidade.

Condicións A TER EN CONTA:



A súa localización dentro e fóra da comunidade:

relación **empática** e un coñecemento directo dos problemas comunitarios

actuación **obxectiva, precisa, intencional e coherente** como técnico e profesional que é ao servizo da comunidade.



Un equilibrio inestable coa comunidade e a entidade contratante:

debe **responder á institución** (pública ou privada) contratante que lle marca unhas directrices de traballo e un marco burocrático-administrativo determinado;

súa **vinculación coa comunidade e o seu concepto da acción comunitaria**, que lle moven a ser coherente cos orzamentos expostos polos usuarios e os principios da participación.



- Unha **interpretación** da súa actuación técnica **en clave comunitaria**:

A súa acción é desde, para e na comunidade.



- Unha **colaboración, diálogo e cooperación en termos de igualdade** coa comunidade, non de igualdade de coñecementos, senón de igualdade na capacidade de acción e decisión.



O/a técnico/a estimula e **respecta as decisións independentes da comunidade**, pon os seus coñecementos ao servizo da poboación, adapta os seus orzamentos técnicos á orientación decidida por eles, sen que isto supoña a subordinación nin a perda da súa propia autonomía no ámbito da acción comunitaria.

ACTITUDES DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Dimensión Cognitiva - Persoal		Capacidade global para actuar cun propósito e pensar racionalmente e enfrontarse de forma eficaz co medio.
* Capacidade de iniciativa	* Espírito reflexivo	* Sentido común
* Intelixencia esperta	* Orden y método	* Capacidade analítica
* Habilidade	* Avaliación	* Creatividade
* Realismo	* Planificación	* Capacidade de improvisación.
* Perseverancia	* Constancia	* Capacidade para detectar lagoas.
* Tenacidade	* Lucidez	

ACTITUDES DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Dimensión afectiva	Afecto ou sensibilidade ante as persoas e disposición a prestar servizo.	
* Madurez emocional	* Confianza en si mesmo	* Seguridade
* Equilibrio emocional	* Serenidade	* Tolerancia a la frustración.
Capacidade de adaptación e de comprensión.	* Autocontrol	* Control das emocións.
	* Paciencia	* Autoestima

ACTITUDES DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Dimensión social e de relación	Son as relacións interpersonais que poñen en comunicación e axudan a cada un dos membros do grupo.	
* Capacidade de comunicación e diálogo	* Sociabilidade	* Capacidade de compromiso persoal
	* Empatía, Sensibilidade	
* Confianza na persoa		
* Espírito democrático	* Independencia	* Reafirmar capacidades en los demais

ACTITUDES DO/A TÉCNICO/A DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Dimensión moral	Conxunto de facultades interiores que concirnen ao respecto mutuo.	
* Responsabilidade	* Solidariedade	* Obxetividade
* Amabilidade	* Discreción	* Imparcialidade
		* Honradez

PROTAGONISTAS NA PARTICIPACIÓN COMUNITARIA:

- **A administración:** é un sistema de dereito, é parte fundamental de leis e marco legal, financiamento, creación e dotacións de recursos, contratación do persoal dos servizos, etc..
- Os **servizos e os profesionais** pertencentes aos ámbitos de intervención sectorial.
- A **comunidade é o tecido social** da poboación, os seus grupos formais e informais, asociacións de todo tipo e os seus líderes formais e informais.

A EDUCACIÓN COMUNITARIA COMO ANIMACIÓN. *UN MODELO, METODOLOXÍA E ESTRATEXIA DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA.*



=

**PRINCIPIOS RECTORES +
METODOLOXÍA**

- Unha intervención comunitaria require non só duns principios reitores, dunha filosofía, senón tamén, dunha metodoloxía ou estratexia que **active, facilite, implemente, potencie e regule os procesos de participación e auto - organización da comunidade.**

[Metodoloxía:]

- Unha metodoloxía de intervención comunitaria poderá ser válida sempre que parta de que **a comunidade non é mera receptora senón, á vez e de forma dialóxica, suxeito e obxecto do desenvolvemento**
- Ha de ser unha metodoloxía que **dinamice todos os recursos comunitarios**, que tome como punto de partida unha realidade territorial e que fomente a participación, o proceso grupal, a auto - organización, a implicación, a iniciativa, o diálogo, a creatividade, que evite o dirixismo, que comprenda a realidade, que motive e tome conciencia sobre os propios problemas, que adopte unha actitude reflexiva e crítica, e que coopere e se responsabilice da comunidade na solución das súas carencias e no seu propio desenvolvemento (auto - asistencia, auto determinación).
- Ha de ser unha estratexia de intervención, en fin, **que conduza progresivamente a un maior desenvolvemento persoal, a unha transformación e cambio da realidade social e cultural**, e a unha mellora na calidade de vida dos individuos e os grupos dentro da comunidade.

[Para isto, a opción máis axeitada é a]

- **proposta metodolóxica da animación socio - cultural na súa vertente socio - comunitaria**, por canto que a animación, na súa condición de metodoloxía educativa é congruente cos principios e requirimentos metodolóxicos do desenvolvemento comunitario con varios propósitos:

Transformar as condicións que impiden e limitan a vida das persoas no seu medio social, mediante a promoción dunha mellora significativa da súa calidade de vida e a integración do educativo na sociedade.

Pasar da democratización cultural á democracia cultural estimulando un comportamento cultural produtor – activo en lugar de consumista - pasivo.

Fomentar nos individuos e na comunidade unha **actitude aberta e decidida para involucrarse** nas dinámicas e nos procesos sociais e culturais que lles afectan e tamén para asumir responsabilidades.

ASC, fundaméntase en:

- Conxunto de prácticas sociais e culturais abertas á participación de individuos, grupos, comunidades, asociacións, etc...
- Convertir ao público observador en actor, afianzando a condición cidadá.
- Activar a comunicación e o diálogo social.
- Recoñecer as diferentes identidades culturais.
- Compromisos intelixentes capaces de vertebrar a todos os actores sociais.

Por tanto, o desenvolvemento comunitario e a ASC son prácticas que ofrecen ás persoas a posibilidade de converterse en axentes activos do seu propio proxecto de vida e do desenvolvemento cualitativo da comunidade da que forman parte.

A ASC enfatiza na metodoloxía do proceso e neste sentido a planificación debe ter en conta cuestións tales como:

- Adecuarse no contexto de acordo coas necesidades e demandas da poboación.
- Dotar de racionalidade ás políticas culturais.
- Optimizar os recursos existentes.
- Integrar os coñecementos científicos e da investigación social na formulación de políticas culturais.
- Compensar o poder da industria cultural con iniciativas cívicas de índole asociativa e comunitaria.

[Desde esta metodoloxía]

ou estratexia que é a Animación podemos establecer operativamente un modelo e cinco fases para a implementación dunha intervención autenticamente comunitaria, iso si, moi interrelacionadas, interdependientes e ata nalgúns momentos simultáneas e entrecruzadas:

- *fundamentación, diagnóstico participativo, logro de participación, acción grupal e avaliación participativa.*

FUNDAMENTACIÓN

1

- Supón situar a intervención comunitaria dentro dun marco de referencia teórico- científico (apoios teóricos, legais e experiencias), no que se busquen acordos consensuados acerca, entre outras cousas, dos espazos e tempos de actuación, o marco normativo, os principios e valores inspiradores da acción, o paradigma teórico de referencia, os modelos e estratexias metodolóxicas fundamentais e o papel asignado aos distintos axentes sociais e comunitarios.

ANÁLISE DA REALIDADE E DIAGNÓSTICO PARTICIPATIVO

2

- Esta fase pretende un coñecemento da realidade para cambiala e superala. O seu obxectivo fundamental é poñer de manifesto a realidade dunha comunidade, o escrutinio dos seus recursos dispoñibles, a historia das súas prácticas e experiencias e a evidencia dos seus problemas, necesidades e intereses.

Para facer a análise da realidade:

- Necesitamos a participación dos membros da propia comunidade: unha percepción social sentida e recoñecida, unha situación colectivamente explicada e interpretada e unha proposta de acción - solución exposta polos membros da propia comunidade (diagnóstico participativo).
- Compartindo mediante un proceso de aprendizaxe mutua e de reflexión, abordando e identificando problemas e necesidades; explicando e interpretando as súas causas, consecuencias e previsións de desenvolvemento; tomando conciencia dunha realidade; verbalizando intereses e aspiracións; sinalando e priorizando demandas sociais (referidas a todo o territorio e a determinadas franxas de poboación ou a certos sectores); buscando creativamente alternativas, tomando decisións, asumindo riscos e apuntando posibles solucións.
- Aparte de recoller información, este diagnóstico participativo vai permitir tamén crear unha primeira implicación e responsabilidade nos asuntos comunitarios, xerar unha motivación e actitude positiva cara á acción comunitaria, iniciar a experiencia participativa do colectivo e, para rematar, detectar posibles líderes e recursos. O diagnóstico participativo implica xa unha estratexia de educación comunitaria.



TÉCNICAS

O **diagnóstico participativo** debe pois ser considerado como un proceso permanentemente aberto e dinámico.

Para a análise de realidade, podemos utilizar *técnicas* como a observación ou a análise documental, mentres que para o diagnóstico participativo pode acudir a outras como a observación participante, entrevista, cuestionario, reunión de análise, coloquio, grupo de discusión, de estudo ou de diagnóstico, mesa redonda, debate, asemblea ou tormenta de ideas.

A colaboración na aplicación dalgunhas destas técnicas e actividades por parte de membros da comunidade non fará senón reforzar aínda máis o carácter educativo desta fase.

OBRADOIRO DE DIAGNÓSTICO LOCAL

- **DAFO:** propónse o tema obxecto de estudio de forma clara e concisa. Fala o grupo, a través dunha tormenta de ideas, sobre os aspectos positivos ou de éxito (fortalezas e oportunidades) que se relacionan con este tema. As ideas sobre as que se chega a acordo escríbense nun papel, estráense os aspectos negativos ou de risco.

	Negativas Factores de risco	Positivas factores de éxito
Circunstancias internas	DEBILIDADES	FORTALEZAS
Circunstancias externas	AMENAZAS	OPORTUNIDADES

OBRADOIRO DE DIAGNÓSTICO LOCAL

- **SOCIOGRAMA OU MAPA DE RELACIÓNS:** instrumento que nos permite visualizar ás persoas da comunidade, grupos sociais presentes no territorio e trazar as conexións existentes entre eles.

APLICACIÓN:

- Facer grupos heterexénos e repartir tarxetas en branco; unhas con forma triangular para representar aos axentes da administración, outras rectangulares para representar axentes sociais e outras circulares para representar a grupos de poboación.
- Cada grupo cubre as tarxetas en branco cos diferentes protagonistas existentes no territorio e colócaas sobre unha cartulina (arriba as triangulares, no medio as rectangulares e abaixo as circulares) para logo relacionalas.
- Lenda:
 - RELACIÓN FORTE (de dependencia, de colaboración,...)
 - DÉBIL (de illamento, de desinterese, de temporalidade,...)
 - CONFLICTO, sin relación, relacións indirectas

Posta en común e consenso para chegar a un único esquema ou mapa.

LOGRO DE PARTICIPACIÓN

3

■ INFORMACIÓN

Unha vez que se posúen os datos provenientes da fase anterior, inténtanse establecer unha serie de canles que difundan e devolvan á poboación destinataria a información sistematizada e globalizada sobre o diagnóstico realizado, as demandas sinaladas e os recursos existentes

A información convértese nun motor para espertar a atención e o interese das persoas, sentar as bases para a toma de conciencia, motivación e unha efectiva participación.

A parte da información recollida para facer o diagnóstico (avaliación inicial), haberá que estar continuamente abertos á recepción de información desde a comunidade, xa que hai moitas variables que non aparecen ata que a acción non se puxo en marcha (avaliación procesual); o propio proceso de avaliación final está tamén sen dúbida marcado por un forte compoñente de recepción informativa.



TÉCNICAS

- Para esta fase, poderanse utilizar unha serie de técnicas e métodos de información e comunicación, configurados a través de diferentes medios e soportes, moitos deles deseñados baixo as formulacións dunha eficaz mercadotecnia:
 - **escritos** (taboleiro de anuncios, mural, cartel ou afiche, panel, fax, periódico, revista, boletín, circular ou carta, tríptico, programa de actos, dossier, folleto, libro, guía de recursos); **orais ou sonoros** (información persoal directa, boca a boca ou cadea, megafonía, reunión ou asemblea informativa, discurso, oficinas, puntos ou servizos estables de información, radio, gravación sonora, teléfono); **visuais ou audiovisuais** (diaporama, vídeo, exposición informativa, televisión, fotomontaje); **multimedia** (correo electrónico, CD-ROM, DVD, páxina web, redes sociais, telefonía móbil).



■ **MOTIVACIÓN, SENSIBILIZACIÓN Y TOMA DE CONCIENCIA**

A comunidade inicia un proceso de sensibilización e toma de conciencia sobre a súa propia realidade e sobre a necesidade de participar activamente no seu propio desenvolvemento e optimización.

É o momento no que deben aflorar e encarar os conflitos, as carencias, as necesidades, os problemas, os intereses e adoptar colectivamente posturas reflexivas e críticas tanto na súa análise como nas súas posibles solucións.

Pero aínda máis, débese abrir un interese común, unha expectativa positiva, unha esperanza activa, en definitiva unha activación motivadora na poboación capaz de mobilizala de cara á participación e a acción optimizadora e transformadora da súa propia e próxima realidade.



TÉCNICAS

- Trabállanse neste momento técnicas e actividades de choque, especialmente movilizadoras, provocativas e interesantes, concertadas cos centros de interese da poboación, moi adaptadas ás peculiaridades dos distintos colectivos e persoas que viven na comunidade e algunhas delas cun marcado carácter formativo: actividades lúdico - culturais favorecedoras de encontros intracomunitarios (semanas culturais, festas do barrio/pobo, xornadas de convivencia, comidas colectivas, feiras, concursos, exposicións e mostras, excursións); accións reivindicativas; participación en actividades doutras comunidades; puntos de lectura (fixos ou móbiles, con disposición de libros e documentación)
- técnicas de dinámica de grupos (simposio, panel de expertos, tribuna aberta, mesa redonda, entrevista pública, entrevista colectiva, debate público, conferencia, asemblea, debate dirixido, foro, vídeo-fórum, librofórum, cine-fórum, panel de debates, discusión por obxectivos, pequeno grupo de discusión ou discusión libre, faladoiro, coloquio, seminario, reunión, sociodrama, xogo de roles, tribunal popular, conto dramatizado, método do caso, bulebule de ideas, noticieiro popular, consello de redacción, dilema moral, fotopalabra, diagnóstico de situacións, clarificación de valores); talleres monográficos e cursos de formación; formación a distancia (a través de distintos medios de comunicación social e por medio das novas tecnoloxías da información e a comunicación); panel sobre experiencias (similares na propia comunidade ou noutras comunidades).



■ **RECABAR PARTICIPACIÓN**

A participación convértese no eixo central para a implicación das persoas e os grupos (informais, asociativos, organizacións...) no seu propio desenvolvemento como comunidade.

Os membros da comunidade, de forma individual ou colectiva, han de ser protagonistas responsables, axentes activos. Participar significa vontade, decisión e esforzo individual e colectivo. A participación é unha decisión libre.

Participar significa responsabilizarse, aínda que non todas as persoas estean obrigadas a participar da mesma xeito e en todo momento. Cada persoa ou grupo terá que elixir libre e autonomamente o nivel de participación que desexa e, consecuentemente, o grao de implicación e responsabilidade no proceso.

Podemos falar de varios niveis de participación posibles:

- a) o apoio moral á iniciativa;
- b) a asistencia puntual ou extraordinaria a unha reunión ou actividade convocada, organizada e decidida por outros en calidade de público ou receptor (máis ou menos pasivo);
- c) a colaboración puntual ou conxuntural na posta en marcha dalgunha actividade, cuxo control básico ou responsabilidade principal son alleos ao participante;
- d) o compromiso, que supón xa involucrarse no desenvolvemento dun proxecto determinado, asumir responsabilidades, tomar decisións, dedicar tempo e traballo, implicarse directa, activa e efectivamente na programación, xestión, execución e avaliación dun proxecto co que se pretende abordar unha necesidade, interese ou problema que afecta á comunidade.

A participación das persoas vai depender de moitas variables, entre elas:

- as aspiracións, intereses e necesidades, o nivel socioeconómico e cultural, o grao de actividade ou pasividade dos individuos, a existencia de organizacións de base, o historial participativo, a actitude fronte ao organismo patrocinador, o poder dos diferentes grupos existentes na comunidade, as formas de dominancia imperantes, o nivel de resistencia aos cambios, a existencia de líderes comunitarios, etc.
- Unha boa participación é aquela que consegue harmonizar a participación individual coa participación colectiva. A fin de poder establecer unhas adecuadas e eficaces estratexias correctoras, habería que intentar comprender as posibles causas “non saber, non querer, non poder” dos niveis negativos de participación individual, ou as razóns dunha obstrución da acción decidida colectivamente.

[Vantaxes da participación:]

- Permite a adecuación das respostas desde o público ás demandas da cidadanía evitando respostas apresuradas, sen planificar e máis costosas.
- Favorece a eficacia e eficiencia pública aportando respostas ben orientadas.
- Introduce perspectivas dos diferentes actores sociais.
- Permite acadar o maior consenso posible público/privado/ciudadano.

UN BO MODELO: O MODELO IAP

INVESTIGACIÓN – ACCIÓN – PARTICIPATIVA

- Proceso secuencial: **coñecer** – **actuar** – **transformar**
- A **poboación é o axente principal** da transformación e da súa colaboración activa rexeitando o asistencialismo.
- Trátase de **explicar** (entender mellor a realidade)
- Trátase de **aplicar** (investigar para mellorar a acción)
- Trátase de **implicar** (utilizar a investigación como instrumento para crear tecido social).

Ideas forza deste proceso:

- **Coñecemento:** dun mesmo, doutras persoas – grupos, e do entorno.

Proceso de:

- reencuadre (analizando a historia desde outro puntos de vista)
- de redefinición (axuda a definir o que se quere cambiar)
- reidentificación (traballando sobre as potencialidades das persoas).

Ideas forza deste proceso:

- **Formación:** analizando as aprendizaxes adquiridas e o ritmo de cada persoas para reflexionar sobre o proceso.
- **Conciencia:** posibilitando a corresponsabilidade e a implicación no proceso para conseguir os obxectivos.
- **Comunicación:** aprender a escoitar e a expresar.

Ideas forza deste proceso:

- **Mediación:** identificar personas, colectivos e intereses buscando elementos de compatibilidad entre eles.
- **Proximidade:** traballo de campo, coa xente, con linguaxe cotiá, usando códigos e símbolos da comunidade.

TÉCNICAS

- Á hora de poñer en marcha as diversas técnicas e actividades para solicitar participación é necesario ter en conta que algúns aspectos poden reforzar a súa eficacia:
 - 1) a efectividade das fases anteriores de información comunicación e de motivación, sensibilización e toma de conciencia.
 - 2) a definición e oferta de diversos niveis de participación;
 - 3) a colaboración na súa aplicación de membros da comunidade.
- Vexamos agora algunhas das técnicas e actividades máis importantes para solicitar participación, moitas delas baseadas na persuasión a través da linguaxe escrita ou oral: soporte escrito (manifestos de apoio, listas e boletíns de inscrición); soporte oral ou sonoro (reunión ou asemblea, conversacións cara a cara, radio local, teléfono); soporte audiovisual (televisión local); soporte multimedia (correo electrónico, CD-ROM, DVD, páxina web, redes sociais telefonía móbil).

EXEMPLO:

GUÍA PARA COMEZAR O PROCESO
PARTICIPATIVO

DINÁMICA PRESENTACIÓN POR
PARELLAS

ACCIÓN GRUPAL

4

INICIACIÓN GRUPAL

- No seo do colectivo (persoas e grupos) que manifestou un desexo de participación cualificada en forma de compromiso iníciase o desenvolvemento dunha adecuada comunicación, identidade e confianza grupal, un bo clima relacional e unhas efectivas habilidades e competencias de relación. Este colectivo pode estar localizado nun espazo institucional (residencia, fogar, asociación, centro...) ou local (barrio, pobo), nun medio pechado ou aberto.
- Nestes momentos, o/a técnico/a pode utilizar algunhas técnicas de educación popular ou de animación sociocultural: de dinámica de grupos (de presentación e coñecemento, de afirmación e confianza grupal, de superación de prexuízos e rexeitamentos); técnicas para a resolución de problemas e conflitos relacionais; actividades e xogos (de distensión, motivación e creación de ambientes); festas (de acollida e convivencia); comidas de amizade; espazos de encontro; actividades culturais e lúdico-recreativas en xeral.



INICIATIVA

- Neste momento, o técnico/a promoverá, sempre de xeito consensuado, a creación, análise e valoración dunha posible proposta de acción.
- A coordinación e integración de iniciativas nesta fase serán fundamentais para conseguir:
 - a) unha coherencia de criterios nas propostas de actuación
 - b) a unión, armonización e sincronización de todas as propostas e de todos os esforzos colectivos;
 - c) unha maior eficacia nas actuacións;
 - d) a mellora nos rendementos persoais e grupais;
 - e) un eficaz uso e aproveitamento compartido dos recursos;
 - f) unha comunicación e información máis óptima, fluída e en todas direccións

A selección de accións que se van a levar a cabo realízase mediante un proceso de axuste e confrontación, que contrasta a realidade que se ten coa que se quere.

- Isto vai esixir:
 - a) un ordenamento e priorización en función da súa importancia, urxencia e expectativas de éxito;
 - b) un ordenamento de posibilidades atendendo a recursos dispoñibles, complexidade das actividades, dificultade das tarefas, capacidade do grupo para xeralas e asumilas, etc., para así aproveitar ao máximo as oportunidades e alternativas;
 - c) unha anticipación e previsión de dificultades e riscos para podelos neutralizar e minimizar.

O abanico de actuacións estará pois en función da demanda social e poderá abarcar distintas áreas: económico - laboral, cultural - educativo, deporte, saúde e consumo, natureza e medio ambiente, melloras sociais e infraestructurais, lecer e tempo libre, novas tecnoloxías, etc.

A acción necesitará xa...

- Dunha metodoloxía apropiada e dunha programación propia, xa sexa en formato de proxecto ou actividade.
- Que a implicación e participación nesta tarefa daqueles que se comprometeron asegura a minimización da súa posible desconfianza e resistencia ao cambio, o seu compromiso posterior na xestión e execución e un proceso de converxencia cara á autoxestión e permanencia dos logros.
- Do proceso de apropiación e aceptación da acción por parte da comunidade e un proceso de diálogo e consenso sobre as accións que se emprendan. A capacidade de decisión final nace da reflexión crítica das persoas en interacción, alcanzándose con iso un maior grao de motivación, participación e compromiso



TÉCNICAS

- Para este momento poden utilizarse algunhas actividades e técnicas:

puntos de lectura (fixos ou móbiles, con disposición de libros e documentación);

visitas a outras comunidades onde se abordaron proxectos e actividades semellantes ás decididas);

técnicas de dinámica de grupos (simposio, panel de expertos, tribuna aberta, mesa redonda, entrevista pública, entrevista colectiva, debate público, conferencia, tormenta de ideas, técnicas favorecedoras de toma de decisións);

panel sobre experiencias; reunións intergrupos (de coordinación e integración de propostas); seminarios, cursos ou talleres de formación (sobre a temática do proxecto e as diversas actividades seleccionadas, fixación de obxectivos, programación e organización de tarefas, xestión administrativa e de recursos, avaliación).



ORGANIZACIÓN

O proxecto necesita agora dun marco organizativo apropiado; búscase xerar núcleos organizados de traballo ao redor de intereses comúns.

É o momento de articular a participación de xeito racional, con continuidade, chegando a acordos conxuntos, distribuíndo funcións e responsabilidades e tarefas ou áreas concretas do proxecto ao redor de grupos operativos de traballo (ou comisións, equipos, departamentos, seccións, áreas...).

A organización é pois un instrumento ao servizo das persoas evitando a dispersión de esforzos e garantindo unha maior capacidade de resposta e un mínimo de efectividade á acción comunitaria. Estase empezando xa a articular un xeito de actuar.



TÉCNICAS

- Entre as posibles actividades para potenciar esta interrelación, pódese acudir ás seguintes:

articulación de sistemas estables de información entre a comunidade e o exterior (métodos e medios de información); *estratexias de mercadotecnia* (plataformas e campañas de difusión e promoción de resultados); exposicións e mostras (fotográficas, documentais, audiovisuais); panel de experiencias; encontros e xornadas intercomunitarias; visitas e intercambios; convivencias, festas e comidas de amizade; *actividades formativas e lúdico - recreativas* conxuntas; (federación, coordinadora, plataforma, consello de zona...); ...



CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN

Esta fase constitúe un dos puntos craves da intervención comunitaria e o seu momento culminante. Intentarase agora a creación e articulación na comunidade de estruturas e plataformas estables de funcionamento autónomo.

A intervención comunitaria promovida polo/a técnico/a sociocomunitario/a, e ata os propios proxectos e actividades elaborados polos grupos operativos, son algo efémero e temporal.

Por iso, o obxectivo último dunha intervención comunitaria será o de deixar consolidadas na comunidade estruturas autónomas (sociais ou infraestructurais) cunha intención de permanencia e estabilidade

[EVALUACIÓN PARTICIPATIVA

5]

- A avaliación nun proceso de intervención comunitaria constitúe un proceso de **recollida e análise e interpretación sistemática de información**, un fundamento de decisións, cuxos vectores de configuración e modalidade non difiren dos que se reclaman en calquera proceso de intervención social:

fundamentación (**por que avaliar**), obxecto (**que avaliar**) finalidade e obxectivos (**para que avaliar**), recursos humanos (**quen vai avaliar**), metodoloxía (**como avaliar**), recursos materiais e funcionais (**con que avaliar**), fixación dun calendario (**cando avaliar**), recursos económicos e financeiros (**canto vai custar avaliar**) e localización (**onde se vai a avaliar**).

- 
- O que si constitúe un trazo definitorio e irrenunciable da avaliación nos procesos de intervención comunitaria é a súa condición de participativa, e iso desde unha dobre consideración:
 - 1) implica de xeito especial na avaliación ao grupo tanto no seu deseño como na súa aplicación e posterior análise dos resultados, o que leva necesariamente a necesidade dunha formación para a avaliación;
 - 2) solicita de todos os actores comunitarios implicados directa ou indirectamente unha percepción, opinión e valoración (realidade subxectiva) da acción de desenvolvemento levada a cabo, así como dos seus distintos elementos.



TÉCNICAS

- A participación na avaliación vai condicionar tamén a necesidade de contar con técnicas de carácter máis xeral (entrevista, cuestionario, reunión de avaliación, asemblea) xunto a outras especialmente deseñadas para a reflexión colectiva e a autoevaluación

- 
- A avaliación participativa supón para todos os actores comunitarios un proceso de aprendizaxe de efectos multiplicadores:

avaliando apréndese a avaliar, a abordar os problemas comunitarios dunha forma rigorosa e sistemática, a aplicar metodoloxías, técnicas e instrumentos, a recibir e saber utilizar o feedback.

[Finalmente,

- Neste modelo de intervención que PROPOSTO a capacidade de decisión sobre os proxectos de desenvolvemento e as consecuentes actividades están en mans da propia comunidade, é dicir, nacen da reflexión crítica das persoas en interacción comunitaria, alcanzándose con iso un maior grao de motivación, participación e compromiso.

- 
- O papel do/a técnico sociocomunitario/a é crucial en todo este proceso, non só pola súa acción promotora, dinamizadora, coordinadora, e formativa, senón ademais, pola intensidade do seguimento grupal unha vez iniciada a etapa de acción grupal.
 - O/a técnico/a irá pasando dun acompañamento permanente ou afectivo - relacional (iniciación grupal) a outro xornal ou organizativo -formativo (crecemento grupal: iniciativas. organización, proxección acción) para terminar nun seguimento de carácter máis puntual, consultivo ou orientador (madurez grupal: apertura, interrelación e coordinación, consolidación e estabilización).
 - Todo iso en consonancia e paralelamente aos niveis de autonomía e responsabilidade progresiva que o colectivo comprometido vai asumindo.

[Pero tamén pode acontecer que...]

- **En función das esixencias que a realidade impón** en moitas ocasións (entre elas, a situación de comunidades moi desestructuradas), **sexa o propio persoal técnico o que seleccione os proxectos e actividades concretos de desenvolvemento.**

A intervención intentaría entón conseguir a implicación da comunidade nese ou eses proxectos decididos, co que se reduce inevitablemente o grao de implicación, participación e autonomía da comunidade.

A situación palíase si se parte dun diagnóstico participativo e a elección dos proxectos faise verdadeiramente desde un grupo o que existe desde o comezo unha presenza participativa da comunidade, aínda que sexa mínima (líderes comunitarios, persoas - recurso, etc.).

Sería este un modelo de desenvolvemento comunitario intermedio, posiblemente aceptado e válido como comunitario.



Este tipo de actuación podería constituír, non en tanto, un paso inicial e cimentador cara os outros dous modelos, sempre que se teña como obxectivo a medio ou longo prazo a posta en marcha dun proceso de desenvolvemento verdadeiramente comunitario.


A EDUCACIÓN COMUNITARIA COMO FORMACIÓN

[Coa que se intenta:]

- Recoñecer as necesidades de participación, pensamento reflexivo, capacidade crítica, mentalidade innovadora e creadora das persoas ao redor dos feitos que lles afectan.
- Responsabilizar e comprometer ás comunidades locais nos procesos de cambio e de transformación social, confrontando os seus problemas, necesidades e demandas coas posibilidades e limitacións.
- Xerar situacións e procesos de aprendizaxe de recursos, estratexias e instrumentos mentais (coñecementos, actitudes, aptitudes, destrezas, hábitos, valores e habilidades sociais...),

ESQUEMA DE METODOLOXÍAS EMPREGADAS PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO.

FASE DE DIAGNÓSTICO	FASE DE PLANIFICACIÓN	FASE DE EXECUCIÓN OU INTERVENCIÓN	FASE DE AVALIACIÓN DE CONTROL
*Primeiro paso para a detención dos problemas da comunidade, que supón un primeiro estudio ou análise para situar problemas ou necesidades. • Investigación preliminar con obxecto de achegarse á problemática da comunidade TÉCNICAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN: 1. Observación: - Participante - Non participante 2. Entrevista: - Estandarizada presencualizada - Estandarizada non presencualizada - Non estandarizada: entrevista a informantes, claves, historias profesionais, enquisas. 3. As fontes documentais	* Planificar ou programar consiste en decidir con antelación o que se vai a facer, sinalando os medios cos que se conta e os fins que se pretenden conseguir. * A planificación entraña a dimensión participativa. * Ander- Egg establecer unha serie de pautas ou criterios para a programación no desenvolvemento da comunidade: 1. Definir e enunciar claramente os obxectivos e metas (establecidos por tres axentes: comunidade, esfera técnica e autoridade administrativa e política). 2. Propoñer obxectivos e metas realistas (viables e operativos) 3. Establecer unha xerarquización dos obxectivos 4. Determinar os recursos dispoñibles 5. Prever os instrumentos e medios adecuados aos fins. 6. Establecer o tempo e ritmo do programa 7. Propoñer unha estratexia de acción. Segundo este autor, para programar podemos tomar como referencia as seguintes preguntas: 1) QUE se quere facer? 2) POR QUE se vai a facer? 3) PARA QUE se va a facer? 4) CANTO se vai a facer? 5) COMO se vai a facer? 6) ONDE se vai a facer? 7) CANDO se vai a facer? 8) A QUENES vai dirixido? 9) CON QUE se vai a facer?	* Executar o que anteriormente se planificou de acordo cos resultados obtidos na investigación. * Coordinación: debe darse en todos os planos: vertical e horizontal. * Preparación da comunidade. * Líderes locais: de posición, de función, task leaders (con competencias específicas), líderes naturais.	* Mide os resultados do programa en relación aos obxectivos propostos. * Etapas principais: - antes da realización do proxecto de deseñan as accións que se van a levar a cabo. - durante a realización do proxecto vanse introducindo as correccións oportunas. - ao finalizar o proxecto incluíndo unha análise comparativa entre os resultados acadados e os resultados esperados. * Hai que avaliar unha serie de factores: - os obxectivos - a dispoñibilidade - os procedementos empregados. - a oportunidade das medidas. - a estrutura administrativa desde a que se realiza o programa. - a opinión dos beneficiarios/as do programa * Trátase dunha avaliación comprensiva, global e integral que da sentido a todo o proceso.



TÉCNICAS PARA A PARTICIPACIÓN GRUPAL

[PARA COMEZAR FALAREMOS DE:]



GRUPO

DINÁMICA DE GRUPO

TÉCNICAS DE GRUPO

CONCEPTO DE GRUPO (1)

O que se entende por grupo en PSICOLOXÍA non é o mesmo que o que se entende na rúa:

Exemplo:

GRUPO SERÍA...?

Un conxunto de individuos que comparten unha mesma circunstancia ou un entorno físico semellante.

un conxunto de individuos que constitúen esa mesma categoría (adolescentes, médicos dun colexio de médicos),...



#AIDA44

[CONCEPTO DE GRUPO (2)]

DEFINICIÓN 1:

grupo é un conxunto de persoas en interacción recíproca e, este proceso de interacción, é o que distingue a un grupo dun agregado”.

OUTROS ASPECTOS A MENCIONAR, para falar de grupo, serían:

- A existencia dun **obxectivo común**
- A **conciencia de grupo** como unidade

[CONCEPTO DE GRUPO (3)]

DEFINICIÓN 2:

todos os grupos teñen unhas cousas en común: os seus membros interactúan. Por conseguinte, define un grupo como dúas ou máis personas que se inflúen entre sí.

DEFINICIÓN 3:

os grupos se perciben así mesmo como “nós”, en contraste con “eles”. Os grupos poden existir por diversas razóns: para satisfacer unha necesidade de pertenza para proporcionar información, para suministrar as recompensas, para lograr metas.

[TIPO DE GRUPOS (4)]

- a) Atendendo ó seu tamaño:
 - Grupo **pequeno** onde se da unha relación directa e constante entre todos e cada un dos membros.
 - Grupo **mediano** se da unha relación directa esporádica entre os membros.
 - Grupo **grande** se da unha relación non directa entre os membros do grupo.

[TIPO DE GRUPOS (5)]

- b) Atendendo á súa estrutura interna:
 - Grupo **anárquico**: dase unha carencia xeral de normativa, de requisitos formais, ambiente informal, distendido, oscilacións incluso do número de membros.
 - Grupo **autocrítico**: dase unha organización férrea, normativa estricta, disciplina e xerarquización.
 - Grupo **democrático**: dase unha normativa clara pero aceptada por todos, participación, fluidez de comunicación, posibilidade de cambio na xerarquía.

FASES DO PROCESO GRUPAL (6)

- Estas etapas poden ser descritas da maneira seguinte:

a) Etapa de orientación: o grupo debe encher de contido unha serie de expectativas decisivas que se refiren a:

- A situación xeral.
- As esixencias do entorno institucional. Normas.
- A integración dos outros.
- Os obxectivos básicos.

Durante esta fase é, pois, primordial que:

- Se comunique,
- Se coñezan os membros do grupo,
- Se establezan claramente os obxectivos.


[FASES DO PROCESO GRUPAL (7)]

b) Etapa de establecemento de normas: coidar especialmente que se cree:

- un liderado progresivamente compartido
- un diálogo e comunicación permanentes
- cooperación e competitividade.

Para iso é básico:

- que se vaia entrenando ó grupo na asunción gradual de responsabilidades
- que se valore a comunicación como formación
- que se fomente a cooperación de xeito efectivo.



FASES DO PROCESO GRUPAL (8)


c) Etapa de solución de conflictos. Ó longo desta etapa o grupo debe enfrontarse con problemas de:

- Interacción persoal e a súa conflictividade
- A adquisición cooperativa de coñecementos e destrezas

Para iso será esencial:

- Unha actitude positiva ante o conflito (non ocultalo, senón afrontalo, analízalo e resóvelo)
- Unha asimilación verdadeira das fases anteriores
- A práctica continuada da autoavaliación dos procesos e os produtos

[AGORA FALAREMOS DE:]



[DINÁMICA DE GRUPOS 1]


CONCEPTO:

Dinámica de Grupos é unha disciplina psicosocial que analiza e estudia a formación, o desenvolvemento, dos problemas, as leis, as forzas e relacións de interdependencia que acontecen dentro dun grupo.



- O **grupo non é unha suma de membros**, é unha estrutura que emerxe da interacción dos individuos e que induce, ela mesma, a cambios nas persoas.
- A **interacción psicosocial** está na base da evolución dos grupos e dos seus movementos.
- A evolución dinámica do grupo conta como substrato un espazo, que resulta ser o “**lugar**” **das interaccións**, un verdadeiro “campo de forza social”.

[E, A PARTIR DE AQUÍ, FALAREMOS DE:]



TÉCNICAS DE GRUPO 1

CONCEPTO:

Procedementos ou medios sistematizados de organizar e desenvolver a actividade do grupo. Empréganse en diversas situacións para desenvolver unha maior actividade dos mesmos cun menor esforzo e maior economía.

*Son técnicas **para comunicarse, para organizar mellores relacións humanas** e proporcionan ao grupo unha certa base de organización **para que funcione realmente como tal.***

TÉCNICAS DE GRUPO 2

É importante indicar que:

- ***Non** todas as técnicas **serven para todos os obxectivos.***
- ***Non** todas as técnicas **poden empregarse en todos os sitios.***
- *As técnicas **son** só un **medio, nunca un fin** en si mesmas.*
- *As técnicas **outorgan estrutura ó grupo**, danlle unha certa base de organización para que o grupo funcione tal e como realmente é, pois o grupo non pode funcionar se non crea unha mínima organización.*

TÉCNICAS DE GRUPO 3

Normas xerais para o emprego de técnicas de grupo:

- Coñecer os **puntos teóricos** da Dinámica de Grupos.
- Coñecer a **estructura** da técnica, a súa dinámica, as súas posibilidades e riscos.
- Deben ter un **obxectivo claro e ben definido**.
- Requiren dunha **atmosfera cordial e democrática**. Empregalas como medio de competición ou cun clima autoritario destruíría o seu efecto.
- Debe **prevalecer en todo momento unha actitude de cooperación** así como a toma de conciencia de que o grupo existe en e por eles mesmos. Este sentido de pertenza ó grupo fai pasar do “eu” ó “nós”.

TÉCNICAS DE GRUPO 4

As técnicas de grupo teñen como finalidade implícita os seguintes factores:

- ☐ Desenvolven o sentimento de “nós”.
- ☐ Ensinan a pensar activamente.
- ☐ Desenvolven capacidades de cooperación, intercambio, responsabilidade, autonomía, creación.

TÉCNICAS DE GRUPO 5

As técnicas de grupo teñen como finalidade implícita os seguintes factores:

- ☐ Ensinan a **escoitar** de xeito positivo e comprensivo
- ☐ Crean **sentimentos** de seguridade, vencen temores e inhibicións
- ☐ Favorecen as **relacións persoais**, permitindo o desenvolvemento social da persoa.

TÉCNICAS DE GRUPO 6

- ☐ Todas as técnicas de grupo **baséanse no traballo voluntario**. Non debe sentirse dentro por obrigación e é o orientador ou animador o que ten a non fácil labor de facer sentirse ós individuos como grupo e facer dese espazo un lugar onde sentirse libre e convivir.
- ☐ **Eliminar** en todo o posible as **distancias** nas redes de comunicación

TÉCNICAS DE GRUPO 7

COMO ELIXIR A TÉCNICA AXEITADA? Debemos considerar:

1. Que obxectivos perseguimos?

Hai técnicas especialmente elaboradas para **promover o intercambio de ideas e opinións** (discusión), outras para adestrarse na **toma de decisións** (estado maior), outras favorecen a **aprendizaxe** de coñecementos (entrevista) ou promoven a participación de todos e todas (Philips 66).

TÉCNICAS DE GRUPO 8

COMO ELIXIR A TÉCNICA AXEITADA? Debemos considerar:

2. Que adestramento ten o grupo?

Unhas técnicas son máis fáciles, outras máis complicadas. Estas últimas son máis efectivas, pero nun grupo inmaduro poden provocar un rexeitamento inicial.

As técnicas que se propoñen ao principio son menos participativas (mesa redonda, conferencia) e, segundo o grupo vai avanzando, vanse aplicando outras que requiren maior compromiso e integración no grupo.

TÉCNICAS DE GRUPO 9

COMO ELIXIR A TÉCNICA AXEITADA? Debemos considerar:

3. Que tamaño ten o grupo?.

Non é o mesmo un grupo pequeno (de menos de 15 persoas) en que hai máis cohesión e confianza, no que poderemos utilizar técnicas como o debate dirixido ou o estudo de casos; que un grupo maior no que hai maior intimidación e necesidade de formalismo, neste segundo caso haberá que utilizar técnicas máis dirixistas (simposio, panel) ou que subdividen en grupos (Philips 66).

TÉCNICAS DE GRUPO 10

COMO ELIXIR A TÉCNICA AXEITADA? Debemos considerar:

4. Que medio físico é no que se está?

Non é o mesmo a rúa que o local do Concello, asociación, oficina,...;
un encontro nunha casa particular que un encontro con máis entidades
nun centro cultural.

TÉCNICAS DE GRUPO 11

COMO ELIXIR A TÉCNICA AXEITADA? Debemos considerar:

5. Para rematar, **quen conduce a reunión?**

Pode ser que contemos cun/ha animador/a especializado/a ou cuns líderes de moita proxección, que sexan capaces de centrar os temas e incitar á participación, nese caso, poderemos utilizar técnicas máis complexas. No caso de ausencia ou debilidade do/a conductor/a, haberá que buscar técnicas que faciliten o consenso.

TÉCNICAS DE GRUPO 12

CANDO UTILIZAR AS TÉCNICAS DE GRUPO?

1. O grupo necesita **integrarse e madurar**: coñecerse, comunicarse, cooperar, establecer normas por consenso, definir obxectivos, cohesionarse...
2. O grupo necesita **tomar conciencia da súa situación actual** en canto a comunicación, cohesión, identificación con obxectivos, problemas de roles, poder ou liderado, etc.

TÉCNICAS DE GRUPO 13

....

3. No grupo **detéctanse problemas** de integración, de comunicación ou de encontro entre algúns membros.
4. Hai un **clima demasiado tenso ou cun alto nivel de ansiedade** que obstaculiza a marcha grupal. Nestes casos convén que, unha vez recuperado un clima grupal apropiado, véxase posibilidade de que o grupo reflexione sobre cal foi a orixe do problema.

TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN



DE PRESENTACIÓN

E, moitas máis...

1. Identificación con animais

2. Aviso clasificado

3. Cadea de nomes

4. Presentación por parellas

5. Presentación con valor

6. Terremoto

7. Nome - cualidade


8. A telaraña

9. Benvidos/as

10. Fósforo

...

TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN



E, moitas máis...

1. Primeira letra do nome

2. Nomes cartoliculores

3. Pobos e cidades

4. Canción divisoria

5. Refráns

6. Amósame o teu zapato

7. Nome - cualidade

8. Tráeme a túa cadeira

9. Imos ao cine

...

TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN



DESINHIBICIÓN

E, moitas máis...

1. O/a parlanchín

2. Gústache o teu veciño/a?

3. Lista de nomes

4. Dígao con mímica

5. Venda de cousas absurdas

6. Dramatiza un refrán

7. Contar unha historia cos pés

...

TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN



DE COÑECEMENTO

E, moitas máis...

1. Un mundo mellor

2. A miña filosofía

3. Aquí está a miña foto

4. Se eu fora

5. Personalidade

6. Exercizo para aproveitar
opinións

7. Baile de disfraces

8. A candidatura

...

[TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN]



**FOMENTO
DA
PARTICIPACIÓN**

1. Charla - coloquio

2. Mesa redonda

3. Simposio

4. Philips 66

5. Tormenta de ideas

6. Discusión dirixida

E, moitas máis...

TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN



**FOMENTO
DA
PARTICIPACIÓN**

7. Cuchicheos ou diálogos simultáneos

8. Técnica do risco

9. Estudo de casos

10. Retrato - robot

11. Desempeño de roles

12. Clínica do rumor

...

E, moitas máis...

ESQUEMA DE TÉCNICAS

Técnica grupal	Características	Para que sirve	Limitacións
Mesa redonda	Exposicións sucesivas de especialistas que teñen diferentes puntos de vista acerca dun mesmo tema ou problema. Pode ou non ser seguida de discusión. Intervén un/unha moderado/a.	Facer coñecer un problema ou tema desde posicións diverxentes ou opostas.	Córrese o risco de que a discusión tenda a morrer.
Entrevista pública	Un experto/a é interrogado/a por un ou varios do grupo sobre un tema, ante un auditorio.	Obter información e documentación sobre un tema.	A calidade da dinámica depende da capacidade de comunicación da persoa entrevistada.
Simposio	Exposicións orais dun grupo de individuos (catro a seis) sobre diferentes aspectos dun mesmo tema ou problema. As diferentes exposicións complementáanse entre sí.	Proporciona información sobre diferentes aspectos dun problema ou diferentes perspectivas de análises.	Non ofrece oportunidades para a participación do público.

[ESQUEMA DE TÉCNICAS (2)]

Diálogo ou debate público	Dúas persoas especificamente invitadas conversan ante un auditorio sobre un tópico, seguindo un esquema previo.	Coñecer diferentes puntos de vista sobre un tema.	O grupo ten unha actitude pasiva.
Panel	Un grupo de expertos, non expón senón dialoga ante o grupo en torno a un tema determinado.	Permite coñecer diferentes formas de enfrontar ou considerar un problema.	Xeralmente participan os que teñen máis hábito de facelo ou os que carecen de inhibicións.
Philips 66	Un grupo grande subdivídese en grupos de 6 persoas que tratan en 6 minutos a cuestión proposta. Despois realízase unha posta en común.	Amplía a base de comunicación e participación. Fai posible a discusión e o intercambio de puntos de vista de cada un/unha, aínda cando se trata de grupos. Sirve para que en pouco tempo se recollan todos os aportes da xente.	Os aportes soen ser superficiais e frecuentemente dispersos.

ESQUEMA DE TÉCNICAS (3)

Grupos de discusión	Un grupo reducido trata un tema ou problema en discusión libre ou informal conducido por un coordinador/a.	Permite o intercambio de experiencias, de coñecementos, resolver problemas e eventualmente a toma de decisións.	Número limitado de participantes.
2-4-8	Sobre un tema específico, primeiro dialogan dúas persoas que non se coñecen previamente. Logo atópanse con outra parella formando un cuarteto, o que finalmente se reúne con outro cuarteto, formando un grupo de oito persoas. En cada momento, comentan o que falaban antes e os acordos acadados sobre o tema. Logo reúnen en plenario.	Contribúe á integración grupal.	A súa realización demanda moito tempo.

[TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN]



PARA A PLANIFICACIÓN

1. Miremos máis aló

2. Baralla da planificación

...

E, moitas máis...

[TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN]



TÉCNICAS DE ORGANIZACIÓN

1. Integración nun grupo hostil

2. O pobo necesita

3. Hoxe fago recados

...

E, moitas máis...

[TÉCNICAS DE GRUPO. CLASIFICACIÓN]



TÉCNICAS
DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

1. Temos un problema

...

E, moitas máis...

PROBLEMAS PARA APLICAR AS TÉCNICAS

CASOS CONCRETOS:

- O/a que non para de falar.
- O/a que non fala.
- Falta xeral de participación.
- Todos/as falan á vez.
- Superficialidade e pobreza.
- Non escoitarse.
- Non manter diálogos.

DINÁMICA FINAL

■ TÉCNICA; A ÁRBORE DE PROBLEMAS

Permite facer unha análise e unha reflexión sobre un tema ou situación determinada, dándolle unha mirada integral, mediante análise de causas, que conleva a visualizar a situación analizada como un todo interrelacionado que se pode entender e transformar.

Raíz: lugar onde se escriben as causas.

Tronco: problema

Follas e froitos: posibles solucións



[E, para rematar:]

Gibb, dixo:

**"Los miembros de un grupo no nacen:
se hacen"**